

ADDENDA: Adaptación ao contexto COVID

Curso 2020-21

**DEPARTAMENTO
LINGUA INGLESA**

ÍNDICE

| | |
|---|----|
| 1º Temporalización | 2 |
| 2º Obxectivos desta adaptación | 2 |
| 3º Análise e valoración das aprendizaxes imprescindibles que se impartiron no curso 2019-2020 | 2 |
| 4º Análise e valoración dos resultados da avaliación inicial de cada área e materia coa finalidade de detectar as carencias e necesidades do alumnado | 7 |
| 5º Incorporación das aprendizaxes non adquiridas a programación 2020-21 | 7 |
| a) Revisión dos obxectivos de área ou materia | 7 |
| b) Revisión das competencias clave | 7 |
| c) Revisión dos contidos | 7 |
| 6º Adaptacións necesarias á docencia non presencial | 10 |
| a) Modo de prover o dereito á educación ao alumnado que non poida seguir a ensinanza telemática | 11 |
| b) Mecanismos que o profesorado adoptará para asegurar o seguimento continuo do curso polo alumnado | 12 |
| 7º Revisión do desenvolvemento da addenda | 12 |

1º Temporalización.

Durante o primeiro trimestre deste curso 2020-21 e en función de como nos permita desenvolver o proceso de ensino-aprendizaxe a evolución da pandemia tratarase de situar ao alumnado nunha situación o máis parecida posíbel ao que marcaría un desenvolvemento normal do proceso, marcado pola programación anual á que se addenda este documento.

2º Obxectivos desta adaptación.

- Incorporar as aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso anterior, así como planificar a transición ao ensino non presencial, se esta fose necesaria.
- Recuperar as aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso 2019/2020.
- Reforzar, partindo dos informes individualizados elaborados a finalización do curso 2019/2020 e da avaliación inicial, os elementos curriculares esenciais e as competencias e aprendizaxes imprescindibles do curso anterior.
- Axustar o currículo, segundo as necesidades do alumnado derivadas dos resultados da avaliación inicial.
- Establecer medidas metodolóxicas e organizativas que favorezan o pleno desenvolvemento de todo o alumnado.

3º Análise e valoración das aprendizaxes imprescindibles que se impartiron no curso 2019/2020.

En termos xerais durante os dous primeiros trimestres do ano 2019-20 impartiuse de xeito ordinario a programación, coa excepción de pequenos detalles que figuran nas

memorias correspondentes. No terceiro trimestre foron estas as aprendizaxes que se determinaron como imprescindibles:

1º ESO. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE IMPRESCINDIBLES

Bloque 1: Comprensión de Textos Oraís

PLEB1.2. Capta os puntos principais e os detalles salientables de instrucións, preguntas, explicacións (...).

PLEB1.3. Distingue, co apoio da imaxe, as ideas principais e información relevante en presentacións (...).

PLEB1.6. Identifica a información esencial do tema e da situación de comunicación de gravacións (...).

Bloque 3: Comprensión de Textos Escritos

PLEB3.3. Entende os puntos principais de anuncios e material publicitario (...).

PLEB3.4. Atopa a información que necesita para a realización dunha tarefa en narracións breves moi sinxelas (...).

PLEB3.5. Entende información básica (lugar, prezo, horarios, datos (...)).

Bloque 4: Producción de Textos Escritos: Expresión e Interacción

PLEB4.2. Elabora textos moi breves nos que expón, por exemplo, unha enumeración de actividades (...).

PLEB4.3. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal (...).

PLEB4.4. Escribe notas, anuncios e mensaxes breves (...).

PLEB4.5. Escribe correspondencia persoal na que se establece e mantén contacto social real ou simulado (...).

Bloque 5: Coñecemento da Lingua e Consciencia Plurilingüe e Intercultural

PLEB5.3. Utiliza as convencións orais básicas propias da lingua estranxeira (...).

PLEB5.4. Na propia lingua, identifica aspectos socioculturais básicos dos países nos que se fala a lingua estranxeira (...).

PLEB5.7. Recoñece e utiliza un vocabulario oral e escrito básico (...).

2º ESO. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE IMPRESCINDIBLES

Bloque un: comprensión de textos orais

PLEB1.1. Comprende fórmulas básicas de saúdos e despedidas.

PLEB1.3. Comprende situacións de comunicación sobre temas habituais.

PLEB1.6. Comprende petición de información e expresións de gustos do seu interese.

PLEB1.7. Identifica información esencial en medios audiovisuais sobre temas coñecidos.

Bloque tres: comprensión de textos escritos

PLB3.1. Segue instrucións básicas e de manexo de certos aparellos.

PLB3.2. Entende puntos principais de anuncios e materiais publicitarios do seu interese.

PLB3.6. Comprende con fluidez textos de historias de ficción adaptados para o seu nivel.

Bloque catro: Producción de textos escritos expresión e interacción

PLEB4.2. Escribe textos breves sobre feitos coñecidos describindo de xeito sinxelo situacións, persoas, obxectos e lugares.

PLEB4.4. Escribe notas e mensaxes breves en soporte impreso e dixital relacionados con actividades e situacións da vida cotiá e do seu interese persoal, tamén cando se utilizan as redes sociais.

PLEB4.5. Escribe correspondencia na que se mantén o contacto social, se intercambia información, se describen sucesos e experiencias persoais e se expresan opinións de xeito sinxelo.

Bloque cinco: coñecemento da Lingua e conciencia plurilingüe e intercultural.

PLEB5.4. Na propia lingua, identifica aspectos socioculturais básicos dos países nos que se fala a lingua estranxeira, analizándoos comparativamente coas diversas culturas, e evitando estereotipos e valoracións etnocéntricas.

PLEB5.5. Nas actividades de aula utiliza, para a comprensión e a elaboración de textos, o coñecemento adquirido noutras linguas sobre elementos morfolóxicos, sintácticos e discursivos.

PLEB5.7. Coñece e utiliza un vocabulario oral e escrito básico e suficiente para comprender e elaborar textos sinxelos propios do seu nivel educativo.

3º ESO. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE IMPRESCINDIBLES

Bloque 1: Comprensión de textos orais.

PLEB1.2. Capta os puntos principais e os detalles salientables de indicacións, anuncios, mensaxes e comunicados breves e articulados de xeito lento e claro, sempre que as condicións acústicas sexan boas.

PLEB1.3. Entende o esencial do que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas.

PLEB1.6. Comprende, nunha conversa formal ou entrevista na que participa o que se lle pregunta sobre asuntos persoais, educativos, ocupacionais ou do seu interese.

PLEB1.7. Identifica a información esencial de programas de televisión sobre asuntos cotiás.

Bloque 3: Comprensión de textos escritos.

PLEB3.2. Entende os puntos principais de anuncios e material publicitario de revistas ou de internet formulados de xeito simple e claro.

PLEB3.3. Capta as ideas principais de textos xornalísticos breves.

PLEB3.5. Comprende correspondencia persoal na que se fala de si mesmo, se describen persoas, obxectos e lugares se narran acontecementos presentes, pasados e futuros.

PLEB3.6. Entende o esencial de correspondencia formal na que se informa sobre asuntos do seu interese no contexto persoal, educativo ou ocupacional.

Bloque 4: Producción de textos escritos: expresión e interacción

PLEB4.1. Escribir en papel ou soporte electrónico textos breves, sinxelos e de estrutura clara sobre temas cotiáns ou de interese persoal nun rexistro formal, neutro ou informal.

PLEB4.2. Coñecer e aplicar estratexias adecuadas para elaborar textos escritos breves e de estrutura simple.

PLEB4.3. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal e relativa á súa formación, ocupación, intereses ou afeccións.

PLEB4.4. Escribe notas e mensaxes onde se fan breves comentarios ou se dan instrucións ou indicacións relacionadas con actividades da vida cotiá.

PLEB 4.6. Escribe correspondencia persoal na que se establece e mantén o contacto social se intercambia información e se describe en termos sinxelos sucesos importantes e experiencias persoais.

Bloque 5: Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural.

PLEB5.2. Valorar as linguas como medio para comunicarse e relacionarse con compañeir@s doutros países.

PLEB5.5. Na propia lingua, identificar diferenzas e semellanzas nos aspectos culturais visibles dos países onde se fala a lingua estranxeira e da propia cultura.

PLEB5.8. Recoñecer e utilizar léxico oral e escrito de uso común relativo a asuntos cotiáns e a temas xerais ou relacionados cos propios intereses, os estudos e as ocupacións.

4º ESO. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE IMPRESCINDIBLES

Bloque 1: Comprensión de Textos Oraís

PLEB1.3. Identifica a idea principal e aspectos significativos de noticias de TV (...).

PLEB1.4. Capta os puntos principais e os detalles salientables de mensaxes gravadas ou de viva voz (...).

Bloque 3: Comprensión de Textos Escritos

PLEB3.4. Localiza con facilidade información específica de carácter concreto en textos xornalísticos (...).

PLEB3.5. Comprende correspondencia persoal, en calquera soporte (...).

PLEB3.6. Entende o suficiente de cartas, faxes ou correos electrónicos de carácter formal, oficial ou institucional (...).

Bloque 4: Producción de Textos Escritos: Expresión e Interacción

- PLEB4.1.** Escribe, nun formato convencional, informes breves e sinxelos (...).
- PLEB4.2.** Escribe correspondencia formal básica, dirixida a institucións (...).
- PLEB4.3.** Escribe notas, anuncios, mensaxes e comentarios breves (...).
- PLEB4.4.** Escribe correspondencia persoal e participa en foros, blogs e chats (...).

Bloque 5: Coñecemento da Lingua e Consciencia Plurilingüe e Intercultural

- PLEB5.2.** Produce textos escritos en diferentes soportes (...).
- PLEB5.4.** Recoñece os elementos culturais máis relevantes dos países onde se fala a lingua estranxeira (...).
- PLEB5.6.** Comprende e utiliza un léxico relativamente rico e variado (...).
- PLEB5.7.** Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, ...) [...].

1º BACHARELATO. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE IMPRESCINDIBLES

Bloque 1. Comprensión de textos orais

- PLEB1.1.** Reflexiona sobre o seu proceso de comprensión, axustándoo e mellorándoo se é o caso, (...)
- PLEB1.2.** Comprende instrucións técnicas, dadas cara a cara ou por outros medios, relativas á realización de actividades e normas de seguridade no ámbito persoal, público, educativo ou ocupacional (...)
- PLEB1.4.** Comprende as ideas principais dunha presentación, charla ou conferencia que verse sobre temas do seu interese ou da súa especialidade, sempre que o discurso estea articulado de maneira clara e en lingua estándar (...)

Bloque 3. Comprensión de textos escritos

- PLEB3.2.** Comprende o sentido xeral, os puntos principais e os detalles máis relevantes en noticias e artigos xornalísticos ben estruturados e de certa lonxitude (...)
- PLEB3.3.** Entende, en soporte tanto impreso como dixital, información concreta para a resolución de tarefas da clase ou traballos de investigación relacionados con temas da súa especialidade, (...)
- PLEB3.6.** Entende detalles relevantes e implicacións de anuncios e material de carácter publicitario sobre asuntos do seu interese persoal e educativo (...)

Bloque 4. Produción de textos escritos

- PLEB4.1.** Escribe, en calquera soporte, informes breves nos que dá información sobre un tema educativo, ocupacional, ou menos habitual, describindo, e narrando acontecementos nunha secuencia coherente; explicando os motivos de certas accións, e ofrecendo opinións e suxestións breves e xustificadas sobre o asunto.
- PLEB4.2.** Nas tarefas de expresión escrita, produce habitualmente textos coherentes, con cohesión e adecuados aos fins funcionais, con razoable corrección tanto ortográfica como de puntuación, na orde das palabras e na presentación do escrito (marxes, espazos de interliña, uso de maiúsculas e minúsculas, ...)

Bloque 5. Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural

PLEB5.1. Desenvólvese na maioría das actividades de aula facendo un uso espontáneo da lingua estranxeira; reflexiona sobre o propio proceso de adquisición da lingua e transfere á lingua estranxeira coñecementos e estratexias de comunicación adquiridas noutras linguas.

PLEB5.2. Utiliza as normas ortográficas sen erros moi significativos e para estruturar o texto, ordenar as ideas e xerarquizarlas en principais e secundarias, e utiliza o corrector informático para detectar e corrixir erros tipográficos e ortográficos.

PLEB5.6. Produce textos orais e escritos en diferentes soportes suficientemente cohesivos, coherentes e adecuados ao propósito comunicativo

COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES

COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA: esencial ao ser esta materia unha lingua estranxeira.

COMPETENCIA DIXITAL: cobra unha especial importancia ao estar obrigados pola situación a utilizar medios de plataformas de aprendizaxe virtuais.

COMPETENCIA APRENDER A APRENDER: relevante ao non ter sempre a presenza e apoio do profesorado na realización das tarefas.

CCEC: tratáronse aspectos culturais dos países onde se fala a lingua estranxeira.

4º Análise e valoración dos resultados da avaliación inicial de cada area e materia coa finalidade de detectar as carencias e necesidades do alumnado.

Dos datos obtidos da avaliación inicial pódense constatar as seguintes carencias:

- ▶ Pouca destreza no manexo de ferramentas TIC para a presentación de traballos e proxectos.
- ▶ Nivel baixo de desenvolvemento no traballo na aula virtual.
- ▶ Ritmo e hábito de traballo baixo como produto das situacións anómalas vividas no 2º e 3º trimestre do curso pasado.
- ▶ Atraso no ritmo de adquisición de contidos a respecto do que sería unha situación de ensino normalizada.
- ▶ Baixo nivel de autonomía á hora da realización de tarefas.

5º Incorporación das aprendizaxes non adquiridas á programación do novo curso escolar.

a) Revisión dos obxectivos de area ou materia → Os obxectivos desta área non se modifican.

b) Revisión das competencias clave → As competencias clave non se modifican.

c) Revisión dos contidos → Estímase oportuno revisar en cada un dos cursos os seguintes contidos, pertencentes a niveis anteriores:

CONTIDOS A REVISAR EN 1º ESO

Non posuímos información previa, pero aprécianse notables aspectos a reforzar despois de levar a cabo a avaliación inicial.

GRAMÁTICA: subject and object pronouns, adjectives, to be, present simple, there is / there are, wh- words

VOCABULARY: house, clothes, weather, food

WRITING: word order, use of adjectives, linking words (but, because, so)

READING: Understanding specific information about basic vocabulary

SPEAKING: Expressing general information about habits, likes and dislikes

CONTIDOS A REVISAR EN 2º ESO

GRAMMAR:

- Present Simple and Past Simple
- Prepositions of place
- Adverbs of frequency
- Wh- question words

VOCABULARY:

- School subjects
- Daily routines
- Parts of the body
- Numbers, years, dates, time

READING / LISTENING

- Programa de radio, telephone conversations, interview about summer plans

PRONUNCIATION:

- Word stress
- -ed endings
- Weak form of "to"

WRITING:

- Personal profile
- Descriptions
- A story (narrative)

SPEAKING:

- Talking about yourself



- Daily routines
- Asking and answering basic personal information

CONTIDOS A REVISAR EN 3º ESO

GRAMMAR: be going to , will , first conditional , modal verbs (should, must) , present perfect , quantity (some , any , how much , how many) , indefinite pronouns .

VOCABULARY: Environment verbs , materials and containers . Music , musical instruments , jobs and adjectives that describe them . The natural world , camping .

READING AND LISTENING: Interviews , radio programmes , general conversations about environmental issues.

PRONUNCIATION: Silent l , double l , syllabic distribution , schwa

WRITING: A leaflet , a profile , an informal e-mail , a questionnaire.

PMAR: Además de todo o mencionado para terceiro ordinario , engádese para PMAR :

GRAMMAR: Comparatives and superlatives , present continuous for future .

VOCABULARY: Adjectives to describe appearance and personality .

READING AND LISTENING: Interviews about personality types

PRONUNCIATION: Intonation

CONTIDOS A REVISAR EN 4º ESO

ITEMS GRAMATICAIS:

- Conxugación verbal
- Conditionals (3rd cond)
- Present Perfect continuous
- Modal verbs
- Modal perfects
- Gerunds and infinitives

WRITING SKILLS:

- Connectors of addition, purpose, contrast
- Adjective order.
- Word-order in sentences
- Different kinds of essays

VOCABULARY ITEMS:

- Inventions, crime, the animal world, parts of the body, food
- Irregular verbs
- Phrasal verbs

PRONUNCIATION:

- Word stress
- Question intonation
- Linked words
- Sounds: /f / , / ʌ / , / æ / , / i : / , /i/ , /ei /

CONTIDOS A REVISAR EN 1º BACHARELATO

ITEMS GRAMATICAIS:

- Conxugación verbal e transformacións
- Modals and modal perfects
- Gerunds and infinitives
- Used to, be used to, get used to

WRITING SKILLS:

- Expressions to state opinions
- Linking words (addition, sequence,...)
- Adjectives and adverbs
- Informal language and punctuation.

VOCABULARY ITEMS:

- Parts of the body and health.
- Natural and supernatural phenomena
- Descriptive adjectives

PRONUNCIATION:

- Contrast of vowel sounds and diphthongs
- Voiced and voiceless sounds.
- Stress

CONTIDOS A REVISAR EN 2º BACHARELATO

ITEMS GRAMATICAIS:

- Conxugación Verbal. Regular and Irregular verbs.
- Relative Clauses and use of Relative Pronouns.
- Active/Passive Voice transformations.
- Reported Speech basic transformations.

WRITING SKILLS:

- Basic Sentence Structure: subj + verb + ...
- Use of linking words (adverbs vs prepositions vs conjunctions).
- Error treatment. Making a personal list.
- Text types: opinion essay and for/against essay.

VOCABULARY ITEMS:

- Concepts of False Friend.
- Phrasal Verbs.
- Idioms.

PRONUNCIATION:

- Distinction vowel vs consonant.
- English phonemic chart. General Overview.
- Voiceless vs voiced phonemes.

6º Adaptacións necesarias á docencia non presencial

A tenor das circunstancias derivadas da pandemia e a súa evolución e control contemplamos tres situacións e, polo tanto, tres modalidades de docencia.

SITUACIÓNS:

1ª- todo o alumnado dun grupo ou nivel segue as actividades lectivas de xeito presencial.

2ª- convive alumnado que asiste de xeito presencial ás clases con alumnado que debe seguir o proceso desde as súas casas de xeito telemático.

3ª- todo o alumnado dun grupo debe gardar corentena e, polo tanto, segue o proceso desde as súas casas de xeito telemático.

MODALIDADES DE DOCENCIA.

En función das situacións anteriores prevense as seguintes modalidades e a súa transición entre elas.

- a. MODALIDADE PRESENCIAL.
- b. MODALIDADE MIXTA.
- c. MODALIDADE TELEMÁTICA.

En calquera dos tres casos, e para facilitar con fluidez e eficiencia o paso, de ser necesario, dunha situación e modalidade a outra, os medios telemáticos empregaranse de todos xeitos inda que cunha intensidade ou frecuencia diferente.

En todo caso, tómanse catro medidas que consideramos imprescindibles para asegurar a continuidade mencionada:

1ª - Farase unha enquisa nos grupos correspondentes para comprobar que todo o alumnado conta cos medios necesarios para poder afrontar un ensino non presencial, de ser o caso. De haber algún alumno que careza dos medios oportunos, será o Centro o encargado de proporcionarllos, ao igual que a conexión á rede para así poder garantir unha ensinanza nas mesmas condicións para todo o alumnado.

2ª- Uso dunha plataforma para o ensino virtual en todos e cada un dos cursos. De xeito principal EDIXGAL en 1º e 2º ESO e a Aula Virtual no resto de ensinanzas e niveis. Google Classroom utilizarase como complemento e apoio ás plataformas mencionadas. Ademais en 2 ESO empregaráse a aplicación de mensaxería informática Hangouts.

3ª- Nestas plataformas estarán actualizadas as actividades esenciais que permitan seguir o proceso de ensino-aprendizaxe ao alumnado que non poida asistir presencialmente.

4ª- O profesorado actualizará permanentemente, de xeito sucinto, un 'diario de clase' - 'daily log' onde se incluírán tanto a tabla de contidos tratados nas sesións lectivas como o detalle do que se vai facendo en cada sesión.

5ª- Para o alumnado que se atope confinado en corentena na modalidade mixta de docencia, procurarase ter, cando menos, unha sesión de titoría, utilizando WEBEX, MEET ou calquera outra ferramenta semellante. O obxectivo destas titorías será tanto a

consulta e resolución sobre as dúbidas que o alumnado poida ter como o apoio afectivo que reforce a motivación para seguir o proceso de ensino-aprendizaxe.

6ª- Como apoio á docencia a distancia nas modalidades mixta ou telemática usaranse recursos da web que poidan reforzar ou suplir as que o profesorado non poida ofrecer ou mesmo se realizarán pequenos tutoriais utilizando ferramentas como OBS que serán engadidos e integrados nas plataformas virtuais utilizadas para curso ou nivel.

7ª- En caso dun confinamento xeral, estarase ao que determine o equipo directivo en termos do ritmo e secuenciación que deban sufrir as actividades lectivas.

a) Procedementos e instrumentos de avaliación deseñados para o ensino non presencial.

Serán os mesmos que os empregados na concreción curricular de cada estándar de aprendizaxe.

Procurarase que os instrumentos de avaliación sexan aplicados de xeito presencial. De non ser posíbel pola evolución da pandemia, recorrerase á súa aplicación de xeito telemático, sen que este factor sexa motivo para alterar os criterios de cualificación que reflicte a programación xeral do departamento para cada nivel de ensino.

b) Modo de prover o dereito á educación ao alumnado que non poida seguir a ensinanza telemática.

De haber algún caso de alumnado que non dispoña de acceso a internet ou nun equipo axeitado para conectarse e seguir de xeito eficiente o ensino telemático, a estas familias, se a administración educativa non lles proporciona estes medios ou os equipos axeitados, prestaránselle equipos do centro. En canto á rede buscaranse solucións a través de entidades coma Cruz Vermella ou Servizos Sociais dos concellos respectivos.

7º Revisión do desenvolvemento da addenda

A primeira revisión desta addenda realizarase na primeira xuntanza de coordinación do 2º trimestre e segundo o seu resultado procederase á súa actualización.